



MINISTERIO
DEL INTERIOR



RENOVACIÓN DE PERMISOS DE CONDUCCIÓN COMUNITARIOS

Desde o 19/01/2013 hai un permiso comunitario único e, polo tanto, a renovación farase coa expedición do modelo único e cos prazos do ordenamento español.

1. TITULARES DE PERMISOS DE CONDUCCIÓN COMUNITARIOS CADUCADOS OU PRÓXIMOS A CADUCAR

Os permisos de conducción expedidos en calquera Estado membro da Unión Europea ou en Estados parte do acordo sobre o Espazo Económico Europeo, de acordo coa normativa comunitaria, manterán a súa validez en España nas condicións en que fosen expedidos no seu lugar de orixe, coa salvidade de que a idade requirida para a conducción corresponderá á esixida para obter o permiso español equivalente.

Non obstante, non serán válidos para conducir en España os permisos de conducción expedidos por algún dos ditos Estados que estean restrinxidos, suspendidos ou retirados en calquera deles ou en España.

A renovación dun permiso de conducción comunitario está suxeita ao sometemento do titular do permiso a unhas probas de aptitude psicofísica e a ser residente no Estado membro no que se solicita esa renovación.

2. TITULARES DUN PERMISO DE CONDUCCIÓN COMUNITARIO CUN PRAZO DE VIXENCIA INDEFINIDO, OU SUPERIOR A 15 ANOS PARA GRUPO 1 E SUPERIOR A 5 ANOS PARA GRUPO 2

Os titulares dun permiso de conducción comunitario cunha vixencia indefinida ou superior a 15 anos estarán obrigados a revalos, sempre e cando teñan a residencia legal en España, transcorridos dous anos, desde o 19 de xaneiro de 2013, data de entrada en vigor da Directiva 2006/126/CE.

Por exemplo:

1. Un titular dun permiso de conducción comunitario cunha vixencia indefinida ou superior a 15 anos, con residencia legal en España obtida o 19/01/2013 ou anterior a esa data, deberá renovar o seu permiso de conducción a partir do día 19/01/2015.

2. Un titular dun permiso de conducción comunitario cunha vixencia indefinida ou superior a 15 anos, con residencia legal en España obtida o 06/06/2014, deberá renovar o seu permiso de conducción a partir do día 06/06/2016.

Este procedemento realízase en cumprimento das normativas sobre o permiso de conducción (Directiva 2006/126/CE e Regulamento xeral de condutores aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio) como elemento indispensable da política común de transportes, contribuíndo a aumentar a seguridade da circulación viaria.



MINISTERIO
DEL INTERIOR



Os Estados membros deben poder aplicar o período de validez prescrito pola directiva a un permiso sen unha validez administrativa limitada expedida por outro Estado membro e en cuxo territorio o titular residise máis de dous anos.

Por todo isto, os países da Unión Europea desde o ano 2013 teñen un permiso de condución único para os 28 estados membros, necesario para conseguir harmonizar os máis de 110 tipos de permisos de condución que existían hai uns anos.

Para a renovación destes permisos hai que solicitar **CITA PREVIA** en www.dgt.es ou no teléfono 060.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- **Solicitud** no impreso oficial que se facilitará nas xefaturas de Tráfico e na páxina web da DXT (www.dgt.es)
- **Acreditación da identidade e da residencia:** documento nacional de identidade, ou NIE, ou pasaporte en vigor e calquera outro medio de proba que solicite a xefatura de Tráfico para acreditar a residencia.
- **Permiso de condución comunitario:** orixinal e fotocopia.
- **Informe de aptitude psicofísica** emitido por un centro de recoñecemento de condutores autorizado.
- **Una fotografía** recente de 32 x 26 mm. Cando se trate de solicitantes que, pola súa relixión, leven o cabelo cuberto, admitiranse as fotografías con velo. A única limitación para a súa admisión é que o óvalo do rostro apareza totalmente descuberto desde o nacemento do pelo ata a mandíbula, de forma que non impida ou dificulte a identificación da persoa.
- **Talón foto**, que se facilitará nas xefaturas de Tráfico: cuberto e asinado dentro do recadro correspondente.
- **Taxa IV.3: 23,80 €**

Formas de pagamento:

- por internet en www.dgt.es
- con tarxeta de crédito ou débito nas xefaturas de Tráfico ou
- con cargo na conta bancaria (modelo 791 dispoñible nas xefaturas e en www.dgt.es).

SUPOSTOS ESPECIAIS

- **Taxa:**
 - A) Os maiores de 70 anos non pagan taxa.
 - B) Cando por razóns médicas a prórroga sexa por un prazo inferior ao establecido, os prezos das taxas serán as seguintes:

Ata 4 anos	19 €
Ata 3 anos	14,30 €
Ata 2 anos	9,50 €
1 ano ou menos	4,80 €